

"Calquera obra pornográfica pode ser igual de exquisita e grandiosa que calquera aposta erótica"

Xulio Pardo de Neyra (Lugo, 1968) é o autor de *Literatura galega e pornografía*, un libro que vai publicar Edicións Positivas nos próximos días. Posicionado no grupo dos e das pornógrafas, algo do que se sente "especialmente honrado", este profesor titular de Lingua e Literatura galegas na UDC sacou anteriormente do prelo *Intensa e quente é a túa humidade azul*. Nesta longa conversa, fálanos sen pelos na lingua de pornografía.

M. Obelleiro

16 de xullo de 2016

<https://www.nosdiario.gal/articulo/social/literatura-galega-pornografia-penso-poderia-contribuir-normalizacion-da-pornografia-na-nosa-sociedade/20160716134822049538.html>

Dis que es o autor da primeira novela pornográfica galega. Cales son os antecedentes da pornografía na nosa literatura?

Dígoo, si; e non só o digo eu: mesmo algún "crítico literario" que se alporizou, escandalizado, pola miña aposta, apuntou este extremo. Con efecto, *Intensa e quente é a túa humidade azul* constitúe o primeiro exemplo de romance pornográfico na literatura galega, unha literatura incardinada nunha cultura especialmente atenta cara a todo tipo de manifestacións e novidades, mais por veces, e moitas, conscientemente tradicionalista e covarde debido á súa situación como espazo minorizado—e non só iso, senón que menoscabado, aldraxado e capado polo unitarismo, o centralismo e o imperialismo que, desde o españolismo, rexe non só fóra do que hoxe son as fronteiras da nosa casa—dentro do insistente proxecto, agora seica europeísta, que a sociedade galega ten aprendido dos ditados da ideoloxía española máis restritiva. Daquela, é certo—e ben rechamante contodo—que *Intensa e quente* sexa a primeira novela dunha literatura que, non en van e sobre todo no eido do acervo oral, conta con innúmeras probas de xorne pornográfico e que, ademais, se orientou atentamente cara á expresión do erotismo en chave literaria. Deste xeito, os antecedentes da literatura galega, como a maior parte dos nosos antecedentes culturais, áchanse na nosa traxectoria medieval: e non é nada curioso.

E por que no Medievo?

Naquela altura, a Galiza—e porén a súa cultura—estaba plenamente sa, pertencendo a unha unidade territorial definida no político en tanto que reino, e por conseguinte, a súa lingua e a súa cultura vivían cunha saúde perfectamente brillante. Trátase amais, o da Galiza daquel momento, dun espazo claramente cohesionado politicamente e produtor da primeira lingua

romance da Europa, dun proxecto enormemente orixinal onde por caso, e está fóra de dúbidas que sucedeu na mesma altura, se ensaiou, e cun éxito notábel, co lirismo cortés medieval que logo se dirá que á galega non é máis que copia ou adaptación do provenzalismo literario amoroso. Secomasí, deste humus medieval provén e devén o noso interese pola pornografía. Nótese, por outro lado, como a Idade Media, época pletórica onde as haxa, por máis que ben atrasada no social, non se pode cualificar como un momento escuro e larvado dun cristianismo—embora xa catolicismo—capador e dominador da poboación: como, xa que logo, entenderíamos as tan explícitas probas que, no eido do sexual, percorren as manifestacións artísticas presentes nas igrexas? E como, en consecuencia, entendermos as así mesmo explícitas probas da nosa literatura medieval no canto da expresión do intercambio sexual entre as persoas? Penso, portanto, que só unha cultura sa e fértil, habelenciosa e desinhibida, sería capaz de expresalo dun modo tan ferozmente exquisito.

Existían testemuñas previas á Idade Media?

Evidentemente, existen na Galiza testemuñas estéticas anteriores alusivas á fecundidade e aos rituais que se articularon en redor do sexo. Penso, por ser un caso moi próximo a alguén de Lugo coma min, no ninfeo de Santalla de Bóveda, onde aínda reside parte dun erotismo relacionado co culto cara á reprodución humana. Por suposto, contamos con exemplos anteriores, agora xa fóra da Galiza, que nos reflicten como na prehistoria se representaban homes longos e mulleres que exhibían os seus atributos sexuais sen ningún tipo de remorsos. Con efecto, para efectuar o meu achegamento á literatura pornográfica galega—exigua por desgraza; non en van estamos a falar dunha comunidade que leva máis de mil anos adscrita á ideoloxía capadora do catolicismo, e máis de cincocentos submetida pola do imperialismo cercenador do castelanismo, logo españolismo— decidín partir da Idade Media por considerar que nela reside o noso pasado máis esplendoroso. Fumos, galegos e galegas, produtores da primeira e máis requintada escola lírica europea. E deste xeito, na época da intensa vixencia do imperio galego herdeiro da forza da monarquía sueva, foi cando, tal que empoleirada sobre todo cara ao cántico do amor entre as persoas, a lírica desenvolveu unha especial querenza pola expresión amorosa, na que, como é lóxico, o sexo ocupa un dos espazos máis senlleiros, por máis que deseguido se conseguise apartalo do amoroso: con efecto, unha posíbel supremacía da xenitalidade implicaría a desintegración da familia monogámica patriarcal, onde, e xa o dixo Marcuse, non collía o polimorfismo da actividade sexual. Contodo, e como os e as responsábeis das manifestacións artísticas son, antes que outra cousa, persoas—que gozan comendo, reflexionando, propondo e, por descontado, fodendo—, non é estraño que a orixinalidade medieval tamén se deixase levar pola expresión da actividade sexual. Deste modo, e son ben numerosos os exemplos galegos existentes, foi precisamente no lugar sacro dos edificios eclesiásticos onde os canteiros deitaron a súa pegada sobre esa actividade sexual que ocupaba a vida das persoas.

Na Idade Media galega, porén, a xente *fodía* e así o proclamaba, botáballe moita imaxinación ao acto sexual, *facíase pallas* e procuraba o gozo sexual dunha forma o máis plena posíbel; xa que logo, para eses e esas galegas, o sexo e os órganos implicados na *foda* constituíron uns elementos definitivos á hora de se manifestaren segundo unha expresión e vontade artísticas. Así, consonte este programa, os nosos trobadores e xograres—neste sentido é ben elocuente o caso do noso rei Afonso IX—dedicáronlle sobranceiras pezas literarias ao acto de *foder*, pezas nas que—semella que a nosa sociedade contemporánea non inventou nada—se aludía ao uso de dildos, nas que se retrataban sesións de sexo D/s, nas que os homes *fodían* “a caralho cheo” e nas que, por caso, tamén habitaban homes que non tiñan ningún remorso para foder con outros homes e mulleres obxectualizadas en tanto que xoguetes sexuais cheos de furados nos que cerriscar o

leite masculino. Penso, deste xeito, que malia que non se rexistre unha gran cantidade delas, estas pezas medievais infórmanos dunha sociedade nada escura e pouco submetedora dos desexos sexuais humanos, unha sociedade na que a xente non só *fodía* como máis gozase, senón que mesmo o proclamaba dun punto de vista plástico e literario, artístico en definitiva.

A que se debe o decaemento das expresións relacionadas coa pornografía?

Tras toda treboada vén a calma, e de xeito contrario, tras o esplendoroso pasado medieval da nosa cultura sucedeu unha terríbel andaina de submisión cara á órbita unitarista que puxaría polo castelán, apoiándose nunha cultura da covardía, dos medos e da aceptación dun catolicismo aberrante que, como a nova ideoloxía precisaba, principalmente quería submeter e controlar. Aí, pois, comeza o desleixo literario cara á expresión do sexual e o camiñar dunhas manifestacións escritas—o eido da literatura de transmisión oral vai á parte—polos vieiros dos desexos e os ditados do pensamento castelanista. Desta maneira, e fundamentalmente producida pola enorme represión reaccionaria, comeza unha liña que non quer amosar e si se preza da suxestión, que non mostra e si apunta, e que no sexual tratará de se explicar através de imaxes suaves que chamaremos eróticas para diferencialas da pornografía, que ensina sen ambaxes.

Após a publicación de *Intensa e quente é a túa humidade azul*, non volveu saír obra ningunha pornográfica, aínda que si erótica. A que cres que se debe?

Malia que un gran amante e consumidor de textos sociolóxicos, non son sociólogo; mais efectivamente, tras da saída da miña proposta literaria pornográfica non se volveu publicar nada deste xorne temático. Contodo, como me informou o editor Paco Macías, hai tempo que bon amigo ademais, semella que recibiu varias propostas de edición de textos literarios de carácter pornográfico, mais que por mor da forte desatención institucional dos poderes da Galiza cara á súa cultura propia—algo que non se viviu nin na tamén tristenta época de Fraga—non se puido facer carne. Cónstame, contodo, unha para min máis que honrosa recepción, agarimosa e celebrada ademais, por parte de boa parte da sociedade galega. Neste sentido, e sobre todo no eido feminino, *Intensa e quente* foi francamente ben acollida. Mais si, como ben apuntas, desde a súa publicación semella que ninguén decidiu xogar coa literatura pornográfica. A razón? Pois penso que poderíamos aludir a tres posíbeis causas desta desatención: por unha parte o referido desalento que rexe nunha cultura que, como é a da Galiza actual, cada vez conta con menos editoras, mesmo menos mecanismos e menos proxectos centrados no tratamento da realidade propiamente galega; por outra creo que o gran tradicionalismo que aquí impera e a noxenta covardía da nosa sociedade ante todo o que poida rachar con el, é un dos piares nos que asenta a ideoloxía actual da nosa casa—como se explica, daquela, que a maior parte da poboación dunha nación sen Estado como a nosa, comungue, acepte e proclame nas urnas a súa perenne afección e unha entrega fervente cara aos postulados dun partido político ideoloxicamente reaccionario, atentatorio coa realidade propia da Galiza, e amais pornograficamente corrupto?—; e finalmente vulgo que, especialmente a respecto da pornografía, o occidentalismo no que vivimos si permite a exhibición de xogos cara á actividade sexual das persoas sempre que non sexan obxecto dunha posíbel consideración antisistema, é dicir, sempre que proclamen que se desexa e que se *fode* dun punto de vista morno e suave.

É, xa que logo, como o conto daquel home que acode a lle confesar a un cura o feito de ter *fodido*, mais agardando unha pequena penitencia porque, dicía, na *fodida* só metera a punta do pixture. De todas formas, como eu mesmo manifestei nalgunha das entrevistas que se me fixeron tras da saída de *Intensa e quente*, non deixa de ser abraiante, por ridículo e cínico, o

comportamento dunha sociedade que vive entre alusións constantes ao sexo—ora cando se publicita un po de cacao, unha máquina de lavar roupa ou mesmo un xel de baño—e que se escandaliza cando o sexo explícito é levado a unha obra literaria: cousas da vida, que diría Castelao.

Que diferenzas hai entre a literatura erótica e a pornográfica?

Xa desde os seus mesmos comezos, aló polo século XVIII, o vocábulo ‘pornografía’ asociouse coa prostitución, sempre dunha perspectiva que trataba de retratar aspectos suxos, obscenos e sobre todo pecaminosos, todo o cal, e magnificamente ademais, deviría en termos de subversión. Tal que asunto emanado da ideoloxía occidentalista, en relación co erotismo, que pode habitar en calquera manifestación artística cos plácemes de calquera; a pornografía derivou no envés da mesma folla na que reside o erotismo, mais como irmá espuria porque, disque, retrata os instintos sexuais máis baixos da persoa. Vamos, como se o erotismo fose algo elegante e a pornografía algo vulgar; como se o primeiro fose decorativo e a segunda algo vinculado co pseudolismo. Embora, e xa que non existe moito consenso nunha sociedade que, contodo, vive preocupada pola consumición de imaxes e cintas pornográficas; opino que, fóra de consideracións moralistas, o erotismo centra o seu labor no apunte suxestionador, nun chisco de ollo cara ao sexual, sempre dunha vontade morna ou temerosa; mentres que a pornografía se vale das propias imaxes da actividade sexual, que apostan pola excitación e non entenden de ‘penes’ nin de ‘vaxinas’, senón que prefire apostar polo retrato dos rabos e das babecas, e canto máis empoleirados e húmidas mellor. Evidentemente, calquera obra pornográfica—e penso nas propostas de Bataille, *Pauline Réage* ou Marcial, por citar unicamente tres exemplos ben coñecidos—pode ser igual de exquisita e grandiosa que calquera aposta erótica; e non por amosar a actividade sexual tal e como é vai perder calidade ou rigor estéticos.

Como desprender o sesgo machista do que é porno?

Por desgraza, somos e habitamos unha cultura e nun espazo occidental e vehementemente occidentalista. Capitalista por máis sinais. *Ergo* formamos parte dun proxecto social falocéntrico. E isto onde talvez máis se manifeste é na industria cinematográfica que chamamos *porno* (eu gusto de diferenciar entre o *porno* e a pornografía, e sempre reservando a primeira palabra para as manifestacións pornográficas sen moito ou ningún criterio estético, sen calidade artística). Por suposto non falo de apostas cinematográficas como as de Lust, mais polo xeral, e moito máis que polo xeral, a nosa sociedade cualifica a pornografía en virtude ou en atención ao *cine porno*: nel é onde aprendemos imaxes sexistas e comportamentos altamente machistas a respecto dun home que sempre ten de estar longo, levar a iniciativa no sexo e gozar e facer gozar cunhascorridas capaces de cerriscar máis aló de medio metro de distancia, e que sexan o máis espesas e brancas posíbel. As cintas *porno*, ademais, preocúpanse por retratar *mamadas* de rabos, corridas nas tetas e nas bocas de mulleres, rabos zumegantes sempre cheos de leite que sae a xorros, mais mulleres submisas, adoito dispostas a dar pracer aos homes mais que semellan non gozar plenamente e que case nunca se corren. Por suposto, este tipo de cine non foi nin é nada amábel co xénero masculino, ao que insta decote a estar pronto para as fodidas e ao que esixe un nivel sexual moi alto.

Evidentemente, a incultura na que vivimos—e especialmente a relativa ao sexo—é tan grandiosa que hai persoas que cren ver maltrato nos xogos bedesemeiros, non sabendo, meus e miñas pobres, que, por caso, a máxima do BDSM non é outra que s.s.c, isto é, ‘san, seguro e consensuado’. Sempre que conto este asunto venme ao pensamento a coñecida historia daquel xornalista de éxito, empresario agresivo como o cualificaría a nosa sociedade actual, esposo

dunha así mesmo muller de éxito, *Grande de España* que lle dirían nos ambientes máis resesos da España na que ambos cren; que pagaba putas para que o submetesen sexualmente, mesmo mexándolle (é dicir, practicando o que coñecemos como *pissing*). Trátase esta dunha historia curiosamente coincidente coa doutro xornalista lucense de comezos do século XX, quen talvez porque na súa casa non llo facían, acudía ás putas da Rúa do Miño da cidade para que, así mesmo, lle mexasen enriba. Hai algún tipo de maltrato xenérico neste tipo de actividades? Evidentemente non, e véxase que falo de senllos casos nos que a práctica do *pissing* se produce por medio de mulleres que mexan en homes e que amais reciben cartos por facelo. Creo, porén, que cómpre atendermos a que nada ten a ver o *porno* coa pornografía, só que ambos partillan preocupación polo sexual, e non debemos aparellar unha cinta *porno* a unha pornográfica, unha revista *porno* a unha obra literaria pornográfica: é como se tratasemos de aparentar unha das apostas amorosas de Corín Tellado ou Bárbara Cartland cunha das propostas literarias de Pablo Neruda ou García Márquez.

Temas que potenciais lectores e lectoras non accedan á túa obra por medo ao politicamente incorrecto?

Non o temo, son plenamente consciente diso. Precisamente o noso Paco Macías contábame como nunha das pasadas feiras do libro, en Compostela, moitas persoas se achegaban ao seu posto e ollaban gulosamente, con curiosidade e medo, para *Intensa e quente*, mesmo preguntando polo seu argumento, mais nas súas facianas habitaba con claridade un rexeitamento producido pola máis simple e estúpida das vergoñas que provocaba que non só non a mercasen, senón que nin se atrevesen a tocala ou consultala: aínda así, teño de dicir que cara á miña novela, a resposta foi tan agarimosa por parte desa sociedade da quecontodo me laio, que en pouco tempo se produciu o esgotamento da súa primeira edición. Secomasí, noutro orde de aspectos é evidente que como ben sabemos, hai non moitos anos non se podía falar da sexualidade feminina, e moito menos escribir ou ler unha obra literaria na que se retratase o desexo plenamente sexual dunha muller. Xa que logo, algo temos evolucionado, mais non até o punto de admitir con plena normalidade o cántico, e moito menos en chave literaria, da actividade sexual tal e como se desenvolve.

Por desgraza, a nosa sociedade admite e asente ante a corrupción, a criminalidade, o machismo, a envexa, a maledicencia e non se escandaliza por unha obra literaria na que se retraten os asasinados máis abxectos, os políticos ou as políticas máis corruptas, as persoas máis baixas moralmente falando; mais ponse en alerta cando nunha proposta literaria se narra minuciosamente unha *foda*. Mágoa, mais é así. Porén, nunha sociedade enferma que admite, consente e pouco di sobre a actuación delincuente das castes que controlan o poder, dos reis e raíñas e das princesas corruptas que a inundan, que vive deitada no lamigueiro do politicamente correcto, que comeza a admitir parcialmente a visibilización das relacións homosexuais e lésbicas e que, por pór outro exemplo, sabe moito dese mundo *porno* que adoita usar como vía habitual de escape ou gozo; o feito, por exemplo, de que existan persoas bisexuais—as que, por suposto, imaxinan sempre fodendo—ou o de que se publiquen obras literarias que retratan a actividade sexual tal cal é, segue a constituír unha especie de delito, un escándalo manifesto, facéndolles adquirirun moito de perversión (no senso negativo, claro) e tratándoas como un obxecto de rexeitamento. Da miña propia experiencia persoal teño de sinalar como no meu propio lugar de traballo, unha facultade pública á que se lle podería supor plena apertura de pensamento e unha ideoloxía respectuosa e democrática, logo da saída de *Intensa e quente* percibín olladas e comportamentos moi diferentes cara a un profesor ou compañeiro que, agora, amais de investigar arreo vén ser un pornógrafo declarado.

Que persegues coa publicación de *Literatura galega e pornografía*?

Perseguir non persigo nada. Gozo co meu traballo e, como crítico e analista literario, gozo con todos e cada un dos proxectos aos que me entrego, ben sexa o estudo da literatura infantil galega, o do vangardismo histórico da Galiza do novecentos, o da literatura barroca ou, por caso, o do tratamento da imaxe da muller acuática no espectro de literaturas europeas. Con este último ensaio, portanto, amais de encher una afección persoal—sempre dixen que son un grande amante da pornografía en case todas as súas direccións, canles e formatos—tratei de reflexionar sobre da liña temática pornográfica que habita na literatura da Galiza de todas as épocas. O que ocorre é que, tras terme eu posicionado publicamente no grupo dos e das pornógrafas—algo do que me sinto especialmente honrado—, este novo ensaio meu, que vén ser o trinta e tantos dunha serie iniciada aló por 1988 cando tan só era un adolescente; preocúpase dun tema proscrito na sociedade do noso Occidente—porque seica *foder fódese*, mais como que non se debe dicir cando, onde, con quen e como se fai—, o da esculca na dimensión literaria pornográfica galega. E se o considero como adoito xulgar todos os meus traballos, con *Literatura galega e pornografía* penso que podería contribuír á normalización da pornografía na nosa sociedade, en especial na literaria por suposto; a indicar outravolta a importancia de analizármonos nós mesmos e mesmas, a apostar de novo polo estudo do que ninguén antes afrontara e, en consecuencia, a dignificar o estudo da literatura galega, e facelo amais nuns especialísimos, por desgrazados, momentos.

É Galiza un país diferente, ou con características propias, a respecto da pornografía?

Penso que, malia estar incardinada desde hai tempo na órbita occidentalista máis atrasada culturalmente, a Galiza si se constitúe como un reduto especial en todos os aspectos, e a respecto da pornografía considero que tamén. Na Galiza habita unha sociedade retrógrada, en liñas xerais pouco formada e para min inquietante que decote está a apostar polo reaccionarismo político máis evidente. Unha sociedade que xa non esquece senón que adoita maltratar a súa propia cultura e o seu propio idioma, algo que en poucos lugares do planeta ocorre. Eu mesmo son testemuña diaria do desleixo, a falta de interese e de formación que, por caso, nun centro de ensino superior galego se vive cara ás nosas lingua e cultura. Por conseguinte, como ocorre en comunidades veciñas (España sobre todo), a pornografía causa, antes que outra cousa, medo, noxo e rexeitamento. Non deixa de ser triste que, tras a saída de *Intensa e quente*, un “crítico literario” que pretende vivir dos réditos dun pasado nacionalista logo emporcado polo afundimento dun interesante medio xornalístico se permitise apuntar, escandalizado, o que quizais puidesen opinar as feministas —as que, evidentemente, non debe tratar moito— levando en conta que na miña novela se retrataba unha historia de sexo D/s! É así, pois, como pensa parte da sociedade —e talvez unha boa parte dela— que transita polas rúas e corredoiras da nosa patria. Mais quero imaxinar que esa maior parte de galegos e galegas tamén foden, fanse pallas, consomen pornografía (o ideal —e penso que o máis formativo, porén— sería que o seu formato fose artístico) e talvez desenvolvan algunha predilección especial por determinadas prácticas sexuais seica non convencionais... Mais deixando a un lado esa realidade por todos nós coñecida, tamén existe unha Galiza diferente, unha nación consciente da posesión dunhas características propias que, no canto da pornografía, actúa consonte esa procedencia e débeda histórica case inveterada.

Poucas familias hai na Galiza que non contén con algún devanceiro cura ou monxa—eu, desde logo, teño entre os meus trasavós varios curas e mesmo unha monxa de clausura—; e poucas familias hai aquí que non leven un apelido que teña atentado contra o costume castelán de se denominaren, as castes, segundo un programa autenticamente falocéntrico. Explícome: na

Galiza, e xa desde a Idade Media, que é cando comezou o modo de designar os clans atendendo a un compromiso xenético—falo de cando se inicia a transmisión dos apelidos—o elemento feminino foi fundamental, contra ao que logo sucedería na Castela, onde polo xeral e con moi poucas excepcións, o apelido do home reproducía o que xa levara seu pai. Xa que logo, non é curioso que só levando en consideración o proceder designativo da maior parte das castes galegas—onde o peso e a proxección da muller foi algo especialmente definitivo (os casos de familias como a dos Neyras da casa da Olga en Terra de Meira, a dos Pardos de Zela de Viveiro, a dos Fernándeces da Corredoyra de Terra de Miranda, mesmo a dos baluros Montenegros ou a dos Pardos de Neyra de Terra de Cervantes, castes todas elas que estudei polo miúdo e que coñezo ben de preto), definitivo para a elección e a fixación de calquera apelido como alcume de familia—, ou a normalidade que implicaba o feito de que un sacerdote puidese procrear xeración—mesmo na nosa tradición oral existe o dito *todos os fillos chámanlle aos seus pais* señor pai, *agás os dos curas, que lles chaman* señor tío—; poidamos asegurar que a sociedade galega de tempos pasados era moito máis permisiva cos ‘atentados’ que se puidesen cometer contra os establecementos da igrexa católica ou contra os ditados da férrea agnación que semellaban implicarse tras da lexislación que rexía nas articulacións legais imperantes daquela.

E xa non quero aludir ao enorme número de mulleres que, por razóns diversas, eran ‘nais solteiras’, como até hai pouco tempo se dicía, algo que non constituía impedimento ningún para que fosen aceptadas pola sociedade, ora rural ora campesiña, na que vivían. A Galiza, por suposto, era e é diferente, en boa lóxica, en relación á realidade das comunidades veciñas: non por acaso son moitos os séculos nos que os nosos e as nosas devanceiras viviron segundo os canons dunha cultura propia. E como sucede noutras culturas, na galega a vida interpretouse dunha forma especialmente particular e diferente; por veces—as máis—efectuando un achegamento ao sexual inzado de suxestións e apuntamentos temerosos cara á explicación dunha foda tal e como é (eróticas e eróticos), e por veces—as menos—tratando de reflectir a verdadeira realidade e esencia do acto sexual, claro que elevándoa ao plano artístico, onde non colle un vocabulario médico de máis e onde a palabra—e precisamente a palabra galega é ben hábil neste sentido, como en todos—tamén produce moita quentura, moita! Claro que estou a falar dunha Galiza libre e liberada, integral e integradora, que non entende de medos derivados dos actos humanos pracenteiros e que goza retratándoos. Falo, en definitiva, da Galiza que desexa e á que contribúen intelectuais como Paco Macías, *alma pater* de Edicións Positivas, que non en van leva a proxectala, construíndoa con dedicación, uns vinte e cinco anos.